



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

## REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:19:43

SAIDA      3151/20



Reclamante:

Expediente. Nº RSCTG 8/2020

Correo electrónico:

### ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] mediante escrito do 10 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

#### ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 10 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a contestación da Universidade da Coruña á súa solicitude de acceso á información referida a cuestionarios e follas de resposta correcta a exercicios correspondentes a determinados procesos selectivos de funcionarios da dita universidade dos anos 2007, 2010 e 2016.

O reclamante indicaba que recibiu un correo electrónico non que non se lle achega a información solicitada, sen recibir resolución expresa.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do seu DNI e dun correo electrónico da Secretaria xeral da Universidade da Coruña no que se lle comunica que a Universidade carece de normativa que obrigue á publicación dos exames, e que se valora chegar a unha nova normativa e medidas para poder facilitar de forma igualitaria dita información ao total de cidadanía.

**Segundo.** Con data do 15 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Universidade da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 17 de xaneiro de 2020, sen que se recibise a copia do expediente solicitado e o informe sobre a reclamación presentado.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os ciudadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado comunicóuselle a resposta mediante correo electrónico o 26 de decembro de 2019 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 10 de Xaneiro de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O dereito de acceso á información é un dereito fundamental recoñecido a nivel internacional como tal, é un dereito esencial para promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións. Ademais as Administracións Públicas fináncianse con fondos procedentes dos contribuíntes e a súa misión principal consiste en servir aos cidadáns polo que toda a información que xeran e posúen pertence á cidadanía.

O derecho dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o derecho a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

O interesado solicitou da Universidade da Coruña o acceso a unha documentación que debemos considerar como información pública, xa que se trata de acceso a cuestionarios e follas de resposta correcta a exercicios correspondentes a determinados procesos selectivos de funcionarios da dita universidade dos anos 2007, 2010 e 2016, que o interesado ten derecho de obter.

A única resposta que se lle deu foi un correo electrónico no que se lle informa que a Universidade carece de normativa que obrigue á publicación dos exames, e que se valora aprobar unha na que se facilite chegar a unha nova normativa e medidas para poder facilitar de forma igualitaria dita información ao total de cidadanía. Con independencia de que a Universidade aprobe a dita normativa, que sen dúbida contribuirá a unha maior transparencia na súa xestión, non se pode apreciar motivo algúun para denegar a información solicitada.

Pola Comisión da Transparencia solicitouse á Universidade a aportación do seu criterio mediante a remisión de informe e copia do expediente que non se recibiu, o que obriga a continuar a tramitación do expediente sen os seus argumentos.

A Comisión non ten información sobre o contido dos documentos solicitados, en que medida poden verse afectados por algún dos límites de acceso previstos na Lei 19/2013, ou en que

medida podería darse, de ser o caso, a información despois de disociala para garantir o dereito de acceso a información non estritamente afectada polos límites (información parcial, art. 16 da Lei 19/2013).

Dada a falta de alegacións en contra por parte da Universidade, en beneficio do interese público ao acceso á información pública non afectada por límite legalmente previsto, debe aportarse a información pedida, áinda que con carácter previo debe examinarse a mesma e, de forma motivada, realizar a disociación dos datos ou contidos parciais que podan verse afectados de forma clara polos límites legalmente previstos (artigos 14 e 15 da Lei 19/2013), salvo no caso de que despois da ponderación tamén prevista, se comprobe que debe prevalecer o interese público ou privado que xustifique en calquera caso o acceso (art. 14.2 da referida Lei).

A resolución que se dite, debe formalizarse co ofrecemento de todas as garantías propias do procedemento de acceso á información pública, entre as que se conta o ofrecemento do correspondente recurso substitutivo.

Debe lembrarse que á Universidade da Coruña que, de conformidade co disposto no artigo 35 da Lei 1/2016, a súa obriga de remitir a esta Comisión os informes que se lle requiran, para o correcto cumprimento das súas funcións en materia de transparencia.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

#### ACORDA

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 10 de xaneiro de 2020, contra a contestación da Universidade da Coruña á súa solicitude de acceso á información referida a cuestionarios e follas de resposta correcta a exercicios correspondentes a determinados procesos selectivos de funcionarios da dita universidade dos anos 2007, 2010 e 2016.

**Segundo:** Instar a Universidade da Coruña, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar a Universidade da Coruña, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses,



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65  
15700, Santiago de Compostela  
A Coruña



[www.comisiondatransparencia.gal](http://www.comisiondatransparencia.gal)

contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F Firmado digitalmente  
por 76706870F MARIA  
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ  
FERNANDEZ (R: (R: S6500009C)  
S6500009C) Fecha: 2020.03.06  
09:33:37 +01'00'

**María Dolores Fernández Galiño  
Presidenta da Comisión da Transparencia.**